

### Lista de control intervención oral alumnado

Valora a túa capacidade para realizar intervencións orais marcando cunha V aqueles criterios que consideras que cumpres.



Ítems	Marca con V
Como me expreso	
Expreso con claridade como plasmei a emoción na miña obra de arte.	
Analizo conscientemente se a miña forma de representar a emoción é igual ou diferente á dos demais.	
Son capaz de observar e expresar similitudes e diferenzas entre as obras.	
Como me relaciono	
Expreso as miñas ideas de forma clara e respectuosa.	
Valoro as interpretacións da emoción realizadas polos demais (empatía).	
Escoito aos demais atentamente, sen interromper e amosando consideración.	
Participo no debate achegando reflexións sobre si as emocións son persoais ou universais.	
Amoso respecto polas diferenzas de opinión e de expresión artística dentro do grupo.	
Como me sinto	
Sei identificar e poñer nome ás miñas emocións.	
Penso porque me sinto dunha determinada forma antes de actuar.	
Manteño a calma cando sinto nervios, frustración ou enfado.	
Respecto o que sinto e cuídome. (Fálome con amabilidade, sei expresar se non me sinto cómodo...)	

Para rematar, fai esta reflexión persoal.

### Reflexión persoal

Que é o que mellor se me dá desta lista?

En que me gustaría mellorar?

**Crédito da imaxe:** Elaboración propia (proxecto cREAgal) derivada de [Public Domain Vectors](#) da obra [Completar la lista de verificación \(CC0\)](#). Lista de control [\(CC BY-NC-SA\)](#).



“Lista de control intervención oral alumnado”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](#).